

## NOTA DE PRENSA

# Aberto o prazo de inscrición para a XII Olimpiada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

*Santiago, 24 de outubro de 2016.*- O luns 17 de outubro abríuse o prazo de inscrición á XII Olimpiada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega) que convoca a Asociación Olimpiada de Bioloxía (OEB) coa colaboración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia - COBGA-, as tres universidades galegas, e a Xunta de Galicia.

Nela poderán participar todos os estudantes que estean matriculados na asignatura de Bioloxía no 2º curso de Bacharelato durante o curso 2016-2017, en centros de ensino de Galicia de calquera titularidade e que sexan seleccionados segundo os criterios incluídos nas bases.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 17 de novembro de 2016. A proba celebrarase o día 13 de xaneiro de 2017 na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Na pasada edición (a 11ª) participaron 94 estudantes de 27 centros de secundaria da comunidade autónoma galega, que se repartiron da seguinte forma: 13 centros da provincia da Coruña, 11 de Pontevedra, 2 de Ourense e 1 de Lugo.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación entre os estudantes do sistema educativo español.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e dunha proba práctica cos contidos de Bioloxía da ESO, de primeiro e de segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

É de resaltar que **a Fase Nacional do 2016 celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo**, e supuxo un grande esforzo e un orgullo froito do traballo de todos os implicados na organización da Fase Galega: docentes, centros e colaboradores. Por outra banda a participación galega obtivo un óptimo resultado, xa que Tania Penas, do IES Pontepedriña, de Santiago de Compostela, conseguiu unha Medalla de Ouro, e representou a España na fase internacional da Olimpiada de Bioloxía, que celebrouse en Hanoi (Vietnam) no mes de xullo.

Máis información:  
COBGA: 981 53 14 40 (Pablo)